Presidiu, en Pontevedra, a entrega do *Premio al Ciudadano Europeo* a Santiago Sánchez-Agustino, como recoñecemento polo seu traballo como divulgador dos ideais europeos

PILAR ROJO FELICÍTASE POLA ELEVADA PARTICIPACIÓN REXISTRADA EN GALICIA NAS ELECCIÓNS EUROPEAS

- **"As institucións públicas debemos esforzarnos por estar o máis cerca posible dos cidadáns", asevera a presidenta do Parlamento de Galicia**

Pontevedra, 26 de xuño de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, destacou hoxe a importancia de que o conxunto dos cidadáns "coñezan as institucións europeas, que non as sintan como algo lonxano que nada ten que ver coas súas vidas". Por iso, "debemos felicitarnos polo feito de que o nivel de participación dos galegos nas recentes eleccións europeas teña estado por riba da media nacional española".

Pilar Rojo efectuou estas reflexións esta tarde, en Pontevedra, no acto de entrega do *Premio al Ciudadano Europeo*, outorgado polo Parlamento Europeo ao tamén pontevedrés Agustín Sánchez-Agustino Rodríguez, como recoñecemento ao seu labor de promoción e divulgación dos ideais e obxectivos da Unión Europea.

Foron 17 anos de "valioso" traballo ininterrompido en centros educativos de toda Galicia co patrocinio, primeiro, da entón Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, e da actual Caixanova, máis recentemente.

ACERCAR AS INSTITUCIÓNS

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es

"As institucións públicas debemos esforzarnos por estar o máis cerca posible dos cidadáns e, en particular, os parlamentos, sedes da soberanía popular", aseverou Pilar Rojo, consciente das dificultades que entraña dar a coñecer este traballo ao conxunto da socidade. Ese esforzo tórnase especialmnete complicado no referido ao proceso de integración europea, que nos últimos anos acadou "gran dinamismo e complexidade".

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es